

Ritos, obxectos, crenzas varias..

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A cadea de ouro do Castriño

Por baixo de Ravacallos, en Sober (Lugo), hai unha peneda no río que garda unha cadea de ouro. Os mouros quixeron sacala do Castriño unha noite de moita chuvia pero, cando estaban cerca dela, formouse unha tronada, abriuse a peneda e a cadea meteuse dentro dela.

A xente de por alí sentiu o trono e ergueuse mirar que pasaba. Aínda que era de noite e chovía, estaba claro, puideron ver a peneda fendida e sospeitaron o que pasara. A cadea fora a que fixera aquel ruído escapando das mans dos mouros.

BIBLIOGRAFÍA

Fonte:

Grupo O TRÍCOLE, Un pouquiño de tradición oral no concello de Sober, Sober, 2002.